

VERDADE

CARE SANTOS

rodeira

periscopio

VERDADE

CARE SANTOS

VERDADE



rodeira

© Care Santos, 2017

Representada pola Axencia Literaria Sandra Bruna

© Ed. Gal.: rodeira, 2017

Rúa Rafael Alberti, n.º 11, baixo

15008 A Coruña

www.edebe.com

Atención ao cliente: 902 44 44 41

contacta@edebe.net

Directora de Publicacións: Reina Duarte

Editora de Literatura Xuvenil: Elena Valencia

Deseño da colección: Book & Look

Fotografía da cuberta: Shutterstock

Fotografía da autora: Joan Cortadellas Huguet

1.ª edición, setembro 2017

ISBN: 978-84-8349-543-8

Depósito legal: B. 16828 - 2017

Impreso en España

Printed in Spain

EGS – Rosario, 2 – Barcelona

Calquera forma de reprodución, distribución, comunicación pública ou transformación desta obra só pode ser realizada coa autorización dos seus titulares, salvo excepción prevista pola lei. Diríxase a CEDRO (Centro Español de Dereitos Reprográficos) se precisa fotocopiar ou dixitalizar algún fragmento desta obra (www.conlicencia.com; 91 702 19 70 / 93 272 04 45).

Sempre amei o deserto. Pode un sentar sobre unha duna.
Non se ve nada. Non se oe nada. E con todo, algo resplandece
no silencio.

O principião
Antoine de Saint-Exupéry

Segundo as estatísticas, a meirande parte dos menores de idade que foron condenados por un xuíz a pasar unha parte da súa vida nun centro penal non comete ningún delito nunca máis. Os psicólogos, os responsables do sistema e os políticos considérano un grande éxito, que atribúen desde logo á súa marabillosa maneira de facer as cousas.

De entre todos os mozos e mozas que algunha vez estiveron en prisión, só un 25,2 por cento volve delinquir. Os mozos e mozas que consomen drogas, que padecen algunha enfermidade mental ou que teñen unha familia horrible teñen máis posibilidades de reincidir que os que non se drogan, teñen a cabeza sa e un pai e unha nai normais, que se preocupan polas cousas que normalmente lles preocupan aos pais e ás nais. Por resumir: se es un pobre desgraciado que non lle importa a ninguén, tes moitas máis posibilidades de te converter nun

proscrito pola sociedade e rematar de novo nun cárcere.

Iso, segundo as estatísticas, claro.

Tamén hai outros «factores de risco» que te poden levar a reincidir:

1) Non ter un enderezo fixo.

2) Non vivir coa túa familia.

3) Non ir ao colexio.

4) Non ter traballo.

5) Continuar relacionándote con amigos delincuentes.

6) Ter problemas de tipo amoroso ou non ter relacións afectivas satisfactorias.

As estatísticas non din nada do que a xente pensa de ti cando saes do cárcere, de modo que inventarei as cifras (pero asegúrovos que serán tan reais coma as anteriores).

Cando saes do cárcere (dá igual o que fagas, mesmo se non fixeches nada), o que a xente pensa de ti é:

a) «Es un delincuente e non tardarás nin dous días en volver facer de novo algo horrible (o 68,5 por cento da xente)».

b) «Es un desgraciado que estaría mellor morto que en ningunha outra parte (15,3 por cento)».

c) «Non sei quen es nin me importa, tampouco sei que fixeches nin por que, pero non penso confiar en ti por nada do mundo (16,2 por cento)».

O mellor que podes facer é pasar deles, sempre e cando eles pasen de ti. Aínda que se pasas de todo o mundo o máis probable é que tarde ou cedo tamén termines pasando de ti mesmo.

De modo que, segundo as estatísticas e segundo case todos os que me coñecen (incluíndo os meus antigos profesores, a miña familia e todos os clientes do bar da miña tía), eu son un asasino en potencia. Un tipo tolo ou perigoso ou desequilibrado, feito un galimatías ou simplemente raro, que en calquera momento pode facer algo horrible.

Ningún deles me preguntou que me pasa. Ninguén se interesou pola miña versión dos feitos. Ninguén pronunciou xamais a palabra «inocente», aínda que iso é o que son. O que fun sempre, desde o mesmo día en que me detiveron e ata o día en que saín en liberdade. Están tan ocupados xulgándome que non teñen tempo de me coñecer. Tampouco de saber a verdade.

Dá o mesmo. Sempre fun unha rareza das estatísticas. Un bicho raro que se resigna a selo. Ou talvez só son un tipo con mala sorte. Alguén que se levanta cada día co pé equivocado.

I
VIDA NOVA

Liberdade

—Éric González Pascual!
Non sei que sentín cando o vixiante de seguridade pronunciou o meu nome. Foi raro. Mirei a hora no reloxo da sala común. Eran as catro e media da tarde. O primeiro que pensei foi en Xenia. Dixéranme que estaría fóra, esperándome. Tiña moitas ganas de vela. E, sobre todo, tiña ganas de vela nun lugar que non fose nin o cuarto de visitas do cárcere nin a sala onde se celebrou o xuízo de revisión do meu caso. Xenia saíu testificar, e tamén a miña tía Carme, e o meu curmán Marcelo e mesmo Helena, a bibliotecaria. O xuíz decidiu, «á vista das novas probas presentadas», que eu era inocente.

Inocente.

Un adxectivo que a partir de agora debería aprender a utilizar, como un aparello novo